

PLAN MUNICIPAL DE AUTORIZACIÓN E XESTIÓN ÉTICA DAS COLONIAS FELINAS NO CONCELLO DE PONTECESURES







INTRODUCCIÓN

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Art. 1.- Obxecto e alcance.

Art. 2.- Concepto de colonia felina autorizada e método CER.

Art. 3.- A figura da persoa voluntaria na xestión das colonias felinas: xestoras/es e alimentadoras/es autorizadas/os.

Art. 4.- Coordinación das persoas voluntarias.

Art. 5.- O servizo de esterilización dos gatos/as feros/as pertencentes ás colonias felinas.

TÍTULO II. AUTORIZACIÓN PARA A XESTIÓN E ALIMENTACIÓN DAS COLONIAS FELINAS AUTORIZADAS

Art. 6.- Requisitos para a obtención da autorización para a xestión e/ou alimentación das colonias felinas.

Art. 7.- Autorizacións para a xestión e/ou alimentación.

Art. 8.- Revogación das autorizacións para a xestión e/ou alimentación.

Art. 9.- Identificación das persoas voluntarias autorizadas.

TÍTULO III. REQUISITOS E CONDICIÓN DE XESTIÓN DAS COLONIAS FELINAS AUTORIZADAS

Art. 10.- Requisitos xerais para o rexistro, autorización e localización das colonias, e puntos de alimentación.

Art. 11.- Condicións de coidado da contorna da colonia.

Art. 12.- Condicións da alimentación controlada.

Art. 13.- Sinalización e xeolocalización das colonias felinas autorizadas.



TÍTULO IV. FUNCIONES DOS AXENTES INTERVENIENTES NA XESTIÓN DAS COLONIAS FELINAS

Art. 14.- Funcións da persoa voluntaria xestora/or das colonias felinas.

Art. 15.- Funcións da persoa voluntaria alimentador/a de colonias felinas.

Art. 16.- Funcións do/a coordinador/a das persoas voluntarias.

TÍTULO V. CAMPAÑAS DE ESTERILIZACIÓN

Art. 17.- Servizo de esterilización.

Art. 18.- Coordinación das campañas de esterilización.

Art. 19.- Procedemento de captura, transporte e esterilización.

Art. 20.- Procedemento de retorno.

TÍTULO VI. PROTECCIÓN DAS COLONIAS FELINAS

Art. 21.- Protección da integridade das colonias felinas, dos individuos que a forman, dos elementos da contorna e dos puntos de alimentación.

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE PARA A XESTIÓN/ALIMENTACIÓN DE COLONIA FELINA



INTRODUCCIÓN

Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e benestar dos animais (BOE nº 75 do 29 de marzo do 2023) desenvolve no seu Capítulo VI do Título II aspectos relativos á xestión das colonias felinas e das funcións da Administración Local nese senso.

A Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (DOG nº 194 do mércores 11 de outubro do 2017) recolle no artigo 6 do Capítulo II do Título Preliminar as competencias da administración en materia de protección animal, establecendo no seu punto 1 a responsabilidade das persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia en canto á defensa e protección dos animais recollidos no ámbito de aplicación de dita lei no seu termo municipal.

No seu **Título II, artigo 26** recóllense as competencias dos Concellos en canto á xestión das colonias felinas co fin da súa protección, control de poboamento e control sanitario.

A responsabilidade da xestión, coidado e salvagarda das poboación de gatos feros/comunitarios, coñecidos como colonias felinas, nos termos municipais onde residen, é das Administracións Públicas e, en especial, das Administracións Locais, en base ao **artigo 25.2.b) e j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local** en materia de medio ambiente e salubridade pública respectivamente, e ás leis autonómicas de protección animal que regulan os animais domésticos e/ou de compañía, atribuíndo aos concellos a competencia para a protección dos animais que se atopen no seu termo municipal.

As políticas públicas tradicionais relativas ao control de poboamento das colonias felinas, consistentes na captura dos gatos das colonias, amósanse pouco éticas, ineficaces e ineficientes, debido ao feito de que, naqueles espazos onde se capturan gatos volven aparecer outros polo denominado “efecto baleiro”, que fai que outros gatos ocupen a zona.

O único método eficaz para a xestión de colonias felinas é o desenvolvemento, desde un prisma humanitario, baseado na metodoloxía CER (captura, esterilización e retorno). Este método trata de dar solución aos problemas ocasionados polos gatos/as rueiros/as mediante a súa esterilización, impedindo o aumento descontrolado das colonias. Unha vez esterilizados, identificados e marcados, son devoltos ao territorio onde desenvolven a súa vida.

O proceso CER non remata culminado o proceso anteriormente descrito. A supervisión a longo prazo da colonia é fundamental. É preciso controlar aos/ás integrantes da mesma co fin de comprobar se existe incorporación de novos/as gatos/as para poder seguir aplicando o método de xeito continuado.



O método CER respecta o dereito á vida dos/as gatos/as e fornécelles dunha calidade de vida tan boa como sexa posible. Isto compróbase en que melloran a súa saúde, aumentando a súa esperanza de vida; e as agresións entre machos, coas consecuencias que isto implica (transmisión de enfermidades, cheiros desagradables debido á presenza de hormonas nos ouriños dos gatos derivados da marcaxe, etc.), redúcense de xeito notorio. A esterilización mingua notablemente as situacións que os veciños e veciñas, xustificadamente, demandan nas colonias sen controlar e as queixas derivadas da presenza de gatos/as feros/as na veciñanza redúcense de xeito significativo unha vez controladas as colonias e a convivencia entre o ser humano e os/as gatos/as mellora de xeito notable.

En resumo, o procedemento beneficia á vila, que atopa unha solución de control das colonias felinas, mellora a imaxe da mesma e a convivencia veciñal.

O obxectivo do presente documento é evitar a proliferación descontrolada dos animais, implantando a súa esterilización e procurando a súa adopción naqueles casos que sexa posible; controlar o estado sanitario dos/as gatos/as e da súa contorna, e promover a convivencia respectuosa a través da información, concienciación e mediación coa veciñanza.

Neste senso, a metodoloxía CER revélase a nivel mundial como a metodoloxía óptima para o control das colonias felinas desde un punto de vista integral (ético e de protección animal, convivencia veciñal e respecto a un uso eficiente dos recursos públicos); como tal, é reivindicada polas asociacións de protección animal e pola veciñanza concienciada ante ás Administracións Públicas as cales, concretamente no ámbito local, incorporan e poñen en marcha iniciativas deste tipo.



TÍTULO I.

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto e finalidade

O obxecto do **Plan Municipal de Autorización e Xestión Ética das Colonias Felinas no Concello de Pontecesures** é a regulación da xestión das colonias felinas no termo municipal do Concello de Pontecesures, co fin de acadar os seguintes obxectivos:

- Xestionar de modo ético e controlado a poboación de colonias felinas do termo municipal do Concello de Pontecesures.
- Mellorar a convivencia veciñal, establecendo as actuacións precisas para mellorar a contorna onde se localizan as colonias procurando a harmonía co lugar no que se autorizan así como reducir os problemas xerados pola presenza de gatos/as feros/as sen esterilizar e sen tratamento veterinario.
- Protexer as colonias felinas autorizadas fronte a actos que prexudiquen o benestar dos animais.
- Favorecer a colaboración dos colectivos de alimentadores/as e colaboradores/as.
- Definir as características e requisitos que debe cumprir a localización das colonias e os puntos de alimentación, co fin de procurar a salubridade dos mesmos, así como as relativas ás persoas responsables da súa xestión.

O fin principal deste plan é acadar a mellora da calidade de vida das/os gatas/os feras/os, reducir os problemas vencellados á superpoboación e a procura da integración das colonias felinas na realidade urbana e rural de Pontecesures, contribuíndo á socialización e á convivencia.

O proxecto apóiase no labor altruísta das persoas voluntarias e no compromiso e apoio económico do Concello de Pontecesures, con fondos propios e subvencións doutras Administracións. A prioridade do plan será acadar a mellora das condicións das colonias felinas e facilitar a convivencia entre veciñas/os e animais.

Unha axeitada aplicación do método CER permite, co transcurso do tempo, diminuír o tamaño das colonias e controlar o número de felinos urbanos de xeito natural e eficaz. Só nos casos de forza maior, procederase ao traslado da colonia o máis preto posible da orixinal para que sexa así accesible aos animais e sen risco para as súas vidas.



Artigo 2. Concepto de colonia felina autorizada e método CER.

Enténdese por **colonia felina** o conxunto de gatos/as salvaxes que viven en liberdade. As colonias felinas autorizadas son aquelas das que ten coñecemento o Concello de Pontecesures e, asemade, teñen designada unha persoa e/ou entidade xestora responsable da mesma.

Cada colonia terá asignado un punto de alimentación autorizado no que se depositará o alimento segundo as condicións recollidas na lexislación estatal, autonómica e local de aplicación.

Enténdese por **método CER** aquel que consiste en capturar, esterilizar e retornar os gatos salvaxes dunha colonia ao seu territorio e é empregado pola maioría das asociacións de protección animal e das Administracións Públicas que contan cun plan de xestión e/ou regulamentos aprobados neste senso. Revélase como o método máis eficaz no relativo ao control do crecemento da poboación de gatos/as rueiros/as.

As súas consecuencias son: estabilización do tamaño das colonias tomando como referencia un mínimo do 70% da poboación felina de adultos fértiles esterilizada, a diminución gradual da poboación cando se acada o 100% da esterilización e redución drástica das pelexas, cheiros e os incidentes que se relacionan con eles.

Recoméndase tamén actuar sobre colonias determinadas co fin de acadar a estabilización e/ou diminución.

Este método será o empregado polo Concello de Pontecesures para a xestión ética das poboacións de gatos/as rueiros/as do municipio.

Artigo 3. A figura da persoa voluntaria na xestión das colonias felinas: xestoras/es e alimentadoras/es autorizadas/os.

Entenderase como **persoa xestora autorizada** aquela persoa voluntaria que controla a poboación dunha ou varias colonias felinas autorizadas e que será a responsable do seguimento da poboación, elaboración do censo e velar polo cumprimento do presente Plan de xestión na súa colonia.

Entenderase como **persoa alimentadora autorizada** aquela persoa voluntaria que asiste ás/aos xestoras/es autorizadas/os na alimentación dunha ou varias colonias felinas autorizadas, seguindo as directrices establecidas neste Plan.



A figura da persoa xestora autorizada poderá realizar as funcións de alimentadora autorizada nas colonias que teña asignadas.

As funcións concretas de ambas figuras desenvolveranse nos artigos 14 e 15 do presente documento.

Artigo 4. Coordinación das persoas voluntarias.

A coordinación de accións das persoas voluntarias será desenvolvida pola persoa responsable da Concellaría de Medio Ambiente, sen prexuízo de que poida delegar tales funcións, de ser necesario.

A figura da persoa coordinadora das persoas voluntarias será a encargada de procurar que as persoas voluntarias exerzan as súas funcións en base a este Plan, centralizando, asemade, as incidencias, necesidades e suxestións vencelladas ás persoas voluntarias. Do mesmo xeito, recibirá as incidencias trasladadas ao Concello pola veciñanza para coordinar as actuacións precisas co fin dar solución ás mesmas.

Será a responsable de coordinar as campañas de esterilización coas entidades que presten o servizo e o traballo das persoas voluntarias e xestores/as co mesmo fin.

As funcións concretas da persoa coordinadora desenvolveranse no artigo 16 do presente documento.

Artigo 5. O servizo de esterilización dos gatos/as feros/as pertencentes ás colonias felinas.

O Concello porá a disposición dos/as xestores/as autorizados/as un servizo de esterilización, vacinación e control veterinario dos membros das colonias felinas autorizadas. Este servizo poderá ser prestado dos seguintes xeitos:

- Mediante acordos e/ou convenios de colaboración con outras Administracións Públicas para a prestación do servizo.
- Mediante acordos con clínicas veterinarias colaboradoras para a realización de intervencións cirúrxicas e recoñecementos veterinarios.
- Mediante acordos e/ou convenios de colaboración con outras entidades, organizacións e/ou asociacións que presten o seu servizo no ámbito da protección animal.



TÍTULO II.

AUTORIZACIÓN PARA A XESTIÓN E ALIMENTACIÓN DAS COLONIAS FELINAS AUTORIZADAS

Artigo 6. Requisitos para a obtención da autorización para a xestión e/ou alimentación das colonias felinas.

A obtención da autorización necesaria para a xestión e/ou alimentación das colonias felinas estará supeditada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- A persoa solicitante será maior de idade.
- Non ter denuncias vencelladas ao maltrato animal; por tanto, asinará declaración responsable.
- No caso de solicitudes para exercer funcións de xestor/a, a correspondente autorización da Concellaría de Medio Ambiente.
- No caso de solicitudes para exercer funcións de alimentador/a, a correspondente autorización da Concellaría de Medio Ambiente, previa posta en común cos xestores/as da colonia para a que se solicita autorización.

Artigo 7. Autorizacións para a xestión e/ou alimentación.

Para exercer as funcións de xestor/a e/ou alimentador/a dunha colonia felina autorizada, é preciso dispoñer da autorización emitida polo Concello de Pontecesures.

Dita autorización estará asociada a unha ou varias colonias felinas autorizadas; na mesma, especificarase a función (xestor, alimentador ou ambos) que a persoa voluntaria desempeñará en cada colonia.

As actuacións das persoas voluntarias limitaranse, unicamente, ás colonias que teñan asignadas. Poderá actuar de xeito provisional sobre outras colonias coa autorización expresa e por escrito da coordinación de voluntarios.

A persoa voluntaria deberá ir correctamente acreditado coa identificación que será proporcionada polo Concello de Pontecesures.

O proceso de concesión de autorización constará dos seguintes pasos:

- Solicitud de autorización a través do rexistro de entrada do Concello de Pontecesures presentando o modelo especificado no Anexo I deste Plan, así como a declaración responsable asinada que contén o propio anexo, cos datos solicitados debidamente cumprimentados.



- A persoa responsable da Concellaría de Medio Ambiente en coordinación coas xestoras/es da colonias avaliará as solicitudes e procederá á súa aprobación ou denegación segundo proceda en base á documentación presentada.

Artigo 8. Revogación das autorizacións para a xestión e/ou alimentación.

As autorizacións para a xestión e/ou alimentación de colonias felinas poderán ser revogadas no caso de incumprimentos reiterados nas funcións asignadas á persoa voluntaria, recollidas no Título IV do presente Plan.

Previa resolución do expediente de revogación da autorización, concederáselle audiencia á persoa interesada por un prazo de dez días para que poida alegar.

A Alcaldía acordará, no seu caso, de xeito motivado, a revogación definitiva da autorización e/ou a estimación das alegacións presentadas pola persoa voluntaria.

Entenderase a súa inactividade se está completamente ausente do cumprimento das funcións como tal durante un período de dous (2) anos.

Tras un (1) ano desde a revogación da autorización, a persoa voluntaria poderá solicitar de novo a autorización para xestionar e/ou alimentar colonias felinas.

En ningún caso se concederá nova autorización tras unha segunda revogación.

Artigo 9. Identificación das persoas voluntarias autorizadas.

Concedida a autorización, dotarase á persoa voluntaria dun documento acreditativo de tal condición. Este servirá de identificación ante a Vixilancia Municipal, Policía Local e outros corpos e forzas de seguridade da Administración Autonómica e do Estado que así o requiran.

No documento de identificación figurarán, polo menos, os seguintes datos:

- Nome completo da persoa voluntaria.
- DNI
- Data de concesión da autorización
- Relación de colonias autorizadas asignadas
- A condición de xestor, alimentador ou ambas

O soporte deste documento acreditativo poderá ser físico ou dixital, segundo estableza a Concellaría correspondente para o mellor funcionamento da xestión das colonias felinas.



TÍTULO III.**REQUISITOS E CONDICIÓN DE XESTIÓN DAS COLONIAS FELINAS AUTORIZADAS****Artigo 10. Requisitos xerais para o rexistro, autorización e localización das colonias, e puntos de alimentación.**

- 1) As persoas/entidades interesadas na autorización/registro dunha colonia felina deberán presentar unha solicitude de autorización mediante declaración responsable (Anexo I), dirixida á Concellaría de Medio Ambiente do Concello de Pontecesures.
- 2) A Concellaría de Medio Ambiente, competente na materia, tras analizar a solicitude formulada, realizará unha visita á localización e emitirá un informe sobre a autorización ou non da colonia, tendo en conta criterios de saúde pública, sanidade ambiental, características da localización, seguridade, etc. No caso de que a colonia sexa autorizada, os animais serán rexistrados a nome do Concello de Pontecesures.
- 3) Autorizada a colonia, as persoas colaboradoras encargaranse da súa xestión baixo a supervisión da Concellaría de Medio Ambiente.

Con carácter xeral, as colonias felinas autorizadas, así como os puntos de alimentación correspondentes, deberán localizarse en emplacements que reúnan os seguintes requisitos:

- **Atoparse en terreo de propiedade municipal ou dominio público.** O Concello de Pontecesures non autorizará alimentación/xestión de ningunha colonia situada en parcela particular, salvo autorización expresa da persoa propietaria e sempre que non sexa posible outra localización alternativa ou que as circunstancias concretas, debidamente avaliadas, o recomenden (saúde pública, salubridade, complexidade no traslado, etc.)
- As colonias e os puntos de alimentación non poderán atoparse a menos de 20 metros de ningún **centro educativo, cultural, deportivo e/ou sanitario.**
- As colonias e puntos de alimentación **non poderán situarse en parques ou zonas de xogo infantís.**
- **Procurarase** que a localización das colonias felinas e os puntos de alimentación estean situados en zonas discretas e o máis lonxe posible da presenza do tráfico co fin de salvagardar a integridade dos membros da colonia e o benestar da veciñanza.

No caso de existir previamente á aprobación deste Plan de Xestión algunha colonia que non cumpra os requisitos, deberá trasladarse a mesma de xeito progresivo, tendo en conta que a natureza dos/as gatos/as impide un traslado inmediato. Non se establecerá prazo concreto para a execución do traslado, se ben, a persoa xestora da colonia, xunto á coordinación das persoas voluntarias, presentará periodicamente un informe que recolla a evolución do traslado.



Artigo 11. Condicións de coidado da contorna da colonia.

A presenza dunha colonia non debe supoñer un impacto negativo nas condicións de salubridade, limpeza e estética da contorna física na que se localiza.

Corresponde á/ao xestora/or da colonia e ás/aos alimentadoras/es procurar que se cumpran as condicións de hixiene e limpeza axeitadas.

As/os alimentadoras/es procurarán que non haxa restos de comida fóra dos puntos de alimentación que poidan atraer outra fauna distinta aos/ás gatos/as salvaxes. Asemade, vixiarán que non exista auga estancada nos contedores de alimento ou outros utensilios, envases ou similares na contorna da colonia e punto de alimentación, co fin de evitar a proliferación de insectos.

O servizo de limpeza viaria realizará limpeza periódicas na localización das colonias e os puntos de alimentación correspondentes.

Artigo 12. Condicións da alimentación controlada.

A alimentación das/os gatos/as feras/os no termo municipal só poderá ser levada a cabo polas/os xestoras/es e alimentadoras/es autorizadas/os naquelas colonias felinas autorizadas polo Concello de Pontecesures.

Nos puntos de alimentación autorizados só poderá depositarse alimento seco (penso) e auga, en cantidade suficiente para abastecer á poboación da colonia.

En ningún caso se depositarán restos de comida caseira.

Poderase empregar alimento húmido para realizar capturas, administrar medicamentos ou alimentar gatos/as enfermos/as. En todo caso, retirarse o envase de comida húmida inmediatamente despois de que o gato/a a inxira. A alimentación con comida húmida será comunicada á coordinación de voluntarias/os co fin de controlar os puntos nos que se realiza esta práctica.

Non se poderán administrar medicamentos aos/ás gatos/as sen a oportuna prescripción veterinaria e será preciso comunicalo á coordinación de voluntarios.

Procurarase que os comedeiros non sexan frecuentados por roedores e/ou aves, tentando que os mesmos se atopen cubertos, cando sexa posible, para dificultar a visión das aves desde o aire.

Os comedeiros e bebedeiros serán instalados polas persoas voluntarias.



Artigo 13. Sinalización e xeolocalización das colonias felinas autorizadas.

As colonias felinas autorizadas atoparanse debidamente identificadas mediante un número único e cun cartel localizado nas inmediacións das mesmas. O mesmo conterá a información precisa para permitir a súa identificación.

Sen prexuízo doutra que poida establecer o Concello de Pontecesures, a información mínima que deberá figurar no cartel será:

- Nome asignado á colonia felina
- Data de autorización da colonia felina
- Número identificador da colonia felina
- Texto no que se indique que se trata dunha colonia felina autorizada controlada.

O Concello de Pontecesures aprobará o deseño do cartel identificador da colonia felina, nun formato suficientemente visible e resistente á intemperie, sendo o formato básico un cartel tamaño DIN A4 con acabado plastificado, sen prexuízo doutros formatos e acabados de igual ou superior tamaño e calidade.

O cartel instalarase en calquera espazo e/ou mobiliario público sempre e cando non supoña unha molestia para o resto da veciñanza.

A persoa voluntaria que xestiona/alimenta a colonia comunicará á persoa coordinadora das persoas voluntarias calquera eiva, extravío ou similar no cartel identificador co fin de que o Concello proceda a súa reposición.

Os datos das colonias felinas almacenaranse dixitalmente no formato que estableza o Concello de Pontecesures, constando, en todo caso, como mínimo, os seguintes datos:

- Localización da colonia
- Número e nome identificador da colonia
- Identificación da/o xestora/or e voluntarias/os asociadas/os á colonia
- Censo actualizado do número de individuos esterilizados de cada sexo

O almacenamento de datos xerarase gardando o debido sigilo sobre a información proporcionada polas persoas voluntarias atendendo ao establecido na **Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, da Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais**.



TÍTULO IV.**FUNCIÓNS DOS AXENTES INTERVENIENTES NA XESTIÓN DAS COLONIAS FELINAS****Artigo 14. Funcións da persoa voluntaria xestora/or das colonias felinas.**

A persoa voluntaria xestora/or das colonias felinas é aquela persoa voluntaria responsable do axeitado funcionamento dunha ou varias colonias felinas. Responderá das incidencias detectadas nestas ante á/ao coordinadora/or das persoas voluntarias e o Concello de Pontecesures. As funcións da xestora/or das colonias felinas son:

- Participar na alimentación axeitada desta, procurando que as persoas voluntarias alimentadoras/es cumpran as normas establecidas neste Plan.
- Velar polo cumprimento das condicións hixiénicas e de limpeza da contorna da colonia, realizando, xunto ao resto das persoas voluntarias, as tarefas de limpeza básicas (varrer restos de penso; reposición de comedeiros e bebedoiros, etc). A limpeza viaria xeral e as tarefas de limpeza de broza serán realizadas polo servizo municipal de limpeza viaria.
- Levar a cabo o control da poboación da colonia, actualizando o censo da colonia cunha periodicidade semestral de acordo ao establecido no artigo 13 deste Plan.
- Transmitir as necesidades de esterilización á coordinadora das persoas voluntarias co fin de poder xestionar e planificar as campañas de esterilización.
- Realizar a captura de animais para a súa esterilización e posterior retorno á colonia, solicitando autorización previa á coordinación das persoas voluntarias e/ou á Concellaría competente na materia.
- Trasladar calquera incidencia detectada á coordinación das persoas voluntarias e/ou á Concellaría competente na materia.

Artigo 15. Funcións da persoa voluntaria alimentador/a de colonias felinas.

O/a alimentadora/or é aquela persoa voluntaria que colabora cun/cunha xestor/a na alimentación dunha ou varias colonias felinas que ten asignadas. As súas funcións son:

- Participar na axeitada alimentación da colonia felina, cumprindo as normas establecidas no presente Plan.
- Asistir á/ao xestora/or da colonia no mantemento das condicións hixiénicas e de limpeza da contorna da colonia e punto de alimentación.
- Asistir á/ao xestora/or da colonia no proceso de captura, esterilización e retorno.
- Transmitir as incidencias detectadas á/ao xestora/or e á Concellaría competente na materia.



A autorización de alimentadora/or existirá nunha colonia se está dispón dunha/dun xestora/or. No caso da persoa voluntaria xestora/or cese nas súas funcións, unha persoa voluntaria alimentador/a poderá exercer as mesmas, previa comunicación á coordinación de persoas voluntarias e/ou da Concellaría competente na materia. Neste caso, non será preciso que a persoa voluntaria presente documentación adicional, podendo exercer as súas funcións inmediatamente co visto bo da coordinación de persoas voluntarias e/ou da Concellaría responsable.

Artigo 16. Funcións do/a coordinador/a das persoas voluntarias

A coordinación das persoas voluntarias recaerá na persoa responsable da Concellaría de Medio Ambiente ou persoa na que esta delegue.

Exercerá as tarefas de coordinación das/os xestoras/es e alimentadoras/es autorizadas/os co fin de garantir o correcto funcionamento do Plan de Autorización e Xestión Ética de colonias felinas do Concello de Pontecesures.

As funcións da coordinadora/or serán as seguintes:

- Actuar de intermediario entre o Concello de Pontecesures e as persoas voluntarias e xestores/as, recollendo incidencias e necesidades detectadas polos anteriores.
- Recoller e manter actualizado o censo de colonias felinas coa colaboración das/os xestoras/es autorizadas/os. O censo estará sempre a disposición do Concello de Pontecesures.
- Velar pola atención equitativa das persoas voluntarias, procurando satisfacer as súas necesidades dentro do establecido neste plan.
- Recoller as incidencias e queixas recibidas no Concello de Pontecesures e mediar coas persoas voluntarias para a súa resolución.
- Supervisar as campañas de esterilización en función das necesidades establecidas polo Concello e as/os xestoras/es (nesa orde de prioridade), autorizando previamente cada esterilización que se leve a cabo.
- Velar que as persoas voluntarias cumpran a campaña de esterilización e procurar que en ningún caso se exceda o orzamento dedicado a tal fin.
- Asinar de conformidade os documentos solicitados tras a esterilización de cada animal que se atope engadido na campaña municipal.
- Divulgar, en colaboración coas persoas voluntarias e xestores/as o proxecto de xestión de colonias felinas, entre a veciñanza.
- Recoller e transmitir as suxestións e oportunidades de mellora do proxecto de xestión de colonias felinas.

A coordinadora/or das persoas voluntarias gardará o debido sigilo respecto dos datos persoais aos que teña acceso durante o desenvolvemento das súas funcións, en base ao disposto na **Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, da Protección de Datos Persoais e das garantías dos dereitos dixitais**.



TÍTULO V.

CAMPAÑAS DE ESTERILIZACIÓN

Artigo 17. Servizo de esterilización

O Concello de Pontecesures, para a execución das campañas de esterilización, acollerase, preferentemente, á sinatura de convenios ou acordos con outras Administracións Públicas como vía para o desenvolvemento das campañas. Cando as actuacións de esterilización se atopen subvencionadas por outros organismos (Deputación, Administración Autonómica e/ou Estatal, etc.), os modelos de documentación de entrada e saída poderán ser substituídos polos que os ditos entes establezan.

Naqueles casos que non se poida optar pola vía anterior, chegará a acordos con entidades e/ou organizacións de protección animal e centros veterinarios e análogos para o desenvolvemento das campañas de esterilización, baixo os criterios de optimización de recursos, atención sanitaria e profesionalidade.

Os centros veterinarios onde se realicen intervencións deberán cumprir coa lexislación vixente en materia sanitaria e no establecido polos respectivos órganos colexiados.

Artigo 18. Coordinación das campañas de esterilización

Periodicamente, planificaranse as campañas de esterilización, rexendo as prioridades de actuación en función das necesidades do proxecto e as incidencias recibidas. O Concello de Pontecesures establecerá as prioridades a través da persoa responsable da Concellaría de Medio Ambiente, quen recollerá as necesidades dos/as mesmos/as.

Artigo 19. Procedemento de captura, transporte e esterilización

Establecidas as prioridades de esterilización, procederase á captura dos animais das colonias obxectivo da campaña.

A captura será efectuada polas persoas voluntarias do proxecto de xestión de colonias felinas, mediante técnicas non agresivas para os animais, preferentemente, empregando gaiolas de captura. Non poderán empregarse substancias narcóticas ou sedantes de ningún tipo para capturar ao animal.



Realizada a captura, a persoa voluntaria, trasladará o animal ao punto de recollida ou centro veterinario segundo procede en virtude do recollido no artigo 17.

O centro veterinario colaborador encargarse de facer unha avaliación do estado sanitario dos animais e, asemade, encargarse da atención aos animais feridos ou enfermos ata a súa recuperación, esterilización e solta. A eutanasia aplicarase, unicamente, segundo criterios veterinarios, e unicamente naqueles casos nos cales as condicións do animal sexan incompatibles cunha vida digna.

A persoa responsable do servizo de esterilización, en ningún caso, realizará ningunha intervención cirúrxica que non sexa previamente autorizada e/ou informada á coordinación das persoas voluntarias.

Procederase á eliminación de parasitos externos e internos, esterilización e marcaxe dos animais que permanezan nas colonias. A marcaxe consistirá na extirpación do cuarto superior da orella dos animais, o que facilitará a identificación visual de gatos/as esterilizados/as, evitando capturas innecesarias.

As/os gatas/os serán identificados con microchip no momento da esterilización, debendo remitir copia á Concellaría de Medio Ambiente do Concello de Pontecesures cos datos relativos á implantación do mesmo. Os datos engadiranse nun rexistro creado para tal fin.

Artigo 20. Procedemento de retorno

Realizada a esterilización, e en virtude do recollido no artigo 17 en canto á prestación do servizo, procederase do seguinte xeito:

- Se media acordo e/ou convenio con outras Administración Públicas, respectarase o estipulado nos mesmos no relativo ao procedemento de recollida e retorno.
- Naqueles casos que non se poida optar pola vía anterior por razóns xustificadas, será a persoa voluntaria ou o xestor/a da colonia quen recolla o animal esterilizado na Clínica Veterinaria onde se realice a intervención.

Retornado/a á colonia de orixe, o xestor/a e alimentadores/as deberán velar polo cumprimento das recomendacións e indicacións veterinarias que apliquen ao animal.



TÍTULO VI.

CAMPAÑAS DE ESTERILIZACIÓN

Artigo 21. Protección da integridade das colonias felinas, dos individuos que a forman, dos elementos da contorna e dos puntos de alimentación

Corresponderá á persoa encargada da coordinación, dentro das funcións que lle son propias, trasladar aquelas actuacións que poidan atentar contra a integridade das colonias, dos seus individuos ou contra os elementos que compoñen os puntos de alimentación.

As accións que atentan contra a integridade das colonias e, en consecuencia, contra os principios de protección da salubridade pública e o medio ambiente urbano, considéranse infraccións, de conformidade ó réxime sancionador da Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e benestar dos animais e da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de co



ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE PARA A XESTIÓN/ALIMENTACIÓN DE COLONIA FELINA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
TELÉFONO DE CONTACTO	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	

DATOS DA/S COLONIA/S FELINA/S A XESTIONAR/ALIMENTAR	
LOCALIZACIÓN/NOME DA COLONIA	
TIPO DE VOLUNTARIA/O	☐ XESTOR/A ☐ ALIMENTADOR/A ☐ AMBAS/OS
XESTOR/A DA COLONIA*	

*no caso de que o alimentador/a non exerza funcións de xestor/a.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que os datos manifestados son certos; que os documentos achegados corresponden á realidade e que cumpro cos requisitos para recibir autorización como xestor/a e/ou alimentador/a das colonias felinas do Concello de Pontecesures.

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que non teñen denuncias vencelladas ao maltrato animal. _____

Declaro, baixo a miña responsabilidade, coñecer o contido da **Ordenanza Reguladora da Xestión Ética das Colonias Felinas no Concello de Pontecesures** e que acatarei as directrices nela establecidas. Asumo a responsabilidade dos danos e prexuízos que puidese ocasionar durante o desenvolvemento das miñas tarefas como voluntaria/o autorizada/o.

En Pontecesures, o día _____ de _____ de _____

Asinado

